

Venres, 18 de febreiro de 2022

Núm. 34

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

RIBADUMIA

Subvencións e axudas

*CONVOCATORIA PARA O ANO 2022 DAS AXUDAS ÁS ASOCIACIÓNS E ENTIDADES
SEN ÁNIMO DE LUCRO QUE DESENVOLVAN ACCIÓNS NO CONCELLO DE RIBADUMIA*

A N U N C I O

*CONVOCATORIA DE AXUDAS A ASOCIACIÓNS E ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO QUE
DESENVOLVAN ACCIÓNS NO CONCELLO DE RIBADUMIA, ANO 2022.*

Téndose acordado polo Pleno Municipal en sesión ordinaria celebrada con data 20 de decembro de 2018, a aprobación das bases e criterios de distribución para a concesión de Subvencións Municipais a Asociacións e Entidades sen ánimo de lucro que desenvolvan accións no Concello de Ribadumia, publicadas no BOP nº 58 de 25/03/2019, procedese a convocatoria de devanditas axudas para o ano 2022.

Poderán ser beneficiarios as asociacións, clubs e fundacións validamente constituídas sen fin de lucro que teñan o seu domicilio en Ribadumia e realicen actividades de interese municipal, se atopen inscritas no correspondente rexistro municipal e cumpran os demais requisitos establecidos na base 2ª.

As actividades subvencionables serán desenvolvidas en materias de cultura e formación, deportes, acción social, comercio e actividades sectoriais, segundo o establecido na base 3ª.

As solicitudes, coa documentación establecida na base 6ª, poderán presentarse no prazo de 60 días naturais contados a partir do día seguinte ó da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia e a presentación farase preferiblemente por vía electrónica e opcionalmente, en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Ribadumia, 2 de febreiro de 2022.

O Alcalde Presidente, David J. Castro Mougán.

